

ACTA XUNTANZA CONSELLO CAMPUS PONTEVEDRA

Lugar: Sala de conferencias da Vicerreitoría do Campus de Pontevedra.

Data: 14 de setembro de 2022

Hora de comezo: 10.00 h

Hora de remate: 11.30 h

Asistentes: Manuel Joaquín Reigosa Roger, Eva M^a Lantarón Caeiro, Pablo Abelleira Acebedo, Xoán Manuel Cebro Rodríguez, Marcos Dopico Castro, Rafael Durán Barbosa, Óscar García García, Silvia García González, Álvaro Xosé López Mira, Lucrecia María López Rubianes, María Mercedes Soto González, Emma Torres Romay, e Enrique José Varela Álvarez.

Excusan asistencia: M^a Covadonga Barreiro Rodríguez-Moldes, Xosé Manuel Buxán Bran, Ángeles Cancela Carral, Carlos Mollinedo Lois, Juan Picos Martín e Alejandro Virgós Soto.

Primeiro. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (2 de decembro de 2021).

Apróbase

Segundo. Informe do Presidente.

Toma palabra o Reitor Joaquín Reigosa quen informa dos seguintes asuntos:

1. Infraestruturas

a) Priorización de obras pendentes

O Reitor informa das prioridades marcadas para o mandato en canto a construción de novos equipamentos. Ademais do edificio preciso para o Grado de Enxeñería Aeroespacial, no relativo a Pontevedra indícanse as seguintes actuacións:

- Edificio modular os terreos de Tafisa.
- Ampliación do edificio de Ciencias da Educación.
- Posible mellora de talleres na Facultade de Belas Artes.

b) Actuacións realizadas

Infórmase de que nos pasados meses, emprendéronse as seguintes actuacións:

- Licitación do mobiliario para a o edificio da Benito Corbal. Tamén se informa de que este edificio conta con Salón de Actos que, previa reserva anticipada, é posto á disposición da Universidade pola Xunta.
- Posta en marcha da rehabilitación da carpinteira do Edificio de Belas Artes, dado o mal estado da mesma.

2. Plan de internacionalización

Comezando coas titulacións nas que se precisa alumnado, ponse en marcha un plan de internacionalización que xa tivo a aprobación nas titulacións virtualizadas. Deste xeito o Grao en Dirección e Xestión Pública xa dispón desa posibilidade de tal xeito que ás 45 prazas de acceso (CIUG) súmanse prazas adicionais para estudantes internacionais.

O Reitor indica que se trata dunha medida moi interesante xa que se ten comprobado como o coñecemento online da Universidade pode acabar fomentando a matrícula presencial dos estudantes.

3. Dobres graos ou graos duais

O Reitor informa de que existe a intención de avanzar nestes modelos de docencia, tendo en conta que tamén se pon sobre a mesa a posibilidade de dobres másters.

En canto aos graos duais, o primeiro en iniciarse con este modelo será o Grao en Automoción e Vigo (con 25 persoas).

4. Campus de especialización CREA

Infórmase de que se está procedendo á avaliación dos campus especializados, agora con criterios unificados por parte da Xunta. En outubro o Campus da Auga de Ourense someterase a este proceso, sendo próximo, por tanto, o relativo ao Campus CREA de Pontevedra.

A continuación toma a palabra a Vicerreitora do Campus de Pontevedra, Eva Lantarón quen informa dos seguintes asuntos:

- Nomeamentos dos Directores de Área da Vicerreitoría.
 - Campus Crea: Ana Belén Fernández Souto, PDI da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.
 - Coordinación de Campus: Luis Torres, PAS da Facultade de Enxeñería Forestal.
- Cambio do Coordinador do Programa de Maiores, do Campus pasando a estar dirixido por Ana Cuña.
- Éxito da Xornada de Portas Abertas (xuño) e da Xornada de Benvida (setembro).
- Posta en marcha do “Abono Mover” para actividades deportivas e extraacadémicas. Contando xa con 99 persoas matriculadas.
- Posta en funcionamento da Aula Permanente de Música Tradicional coa participación de 46 persoas (as prazas iniciais era 40 pero ampliáronse pola alta demanda).
- Reinicio da sesións mensuais de Cine Documental.
- Celebración do Pont-up Store a fins de setembro.
- Exposición de Fugas e Interferencias na Facultade de Belas Artes.
- Posta en marcha de distintas iniciativas e actividades da Rede EuSumo.

Rematadas as intervencións ábrese unha quenda de preguntas:

O profesor Álvaro López Mira pregunta sobre a **situación do Grao en Enfermería**.

O Reitor informa de que foron trámites que xa se tentaron no pasado mandato, coa finalidade de crear unha Facultade de Enfermería única para a Universidade. Sen avances ao respecto, solicitouse reabrir o tema mediante un escrito e estanse agardando novas. Trátase, segundo os datos actuais, dun problema económico xa que requiriría ter en conta estes cambios o Plan de Financiamento, polo que sería preciso realizar estes cambios cun custo reducido. En calquera caso, queda claro que para os estudantes a situación actual ten inconvintes no día a día ao tempo que sería preciso avanzar na Facultade específica para poder contar cun mestrado do ámbito.

A profesora Silvia García realiza unha proposta de **reforestación de árbores no Courel**.

A profesora explica que se podería plantexar coma unha homenaxe ao profesor Manolo Ramos, natural desa zona, e organizarse mediante voluntariado e coa colaboración da Facultade de Enxeñería Forestal.

O Reitor indica que sería un bo xesto e pasará á proposta á Vicerreitoría de Benestar, Equidade e Diversidade.

A profesora Emma Torres-Romay pregunta sobre a situación dos **programas de doutoramento** dende o punto de vista administrativo.

O Reitor informa de que nas distintas reunións coa Xunta de Galicia se teñen abordado aspectos do Plano de Financiamento máis vencellados cos Graos inda que, nas últimas informacións remitidas, no relativo aos programas de doutoramento se fala de “fusión de programas” e “eliminación de liñas de investigación sen resultados”. Resulta claro, polo tanto, que existe certo problema de viabilidade e que será preciso buscar incentivos para a fusión de programas. Sexa como sexa, non se trata dunha urxencia

neste mandato.

A profesora Emma Torres-Romay matiza que o problema atópase na complexidade de acceso dos profesores novos aos Programas de Doutoramento e, polo tanto, á necesaria dirección de Teses de Doutoramento que cumprimenten o currículo.

O Reitor indica que se trata dunha cuestión que depende de cada programa, e que cada programa pon as condicións de acceso, sen que poida facerse nada ao respecto dende o goberno da universidade.

Terceiro. Debate sobre a creación da Comisión Permanente delegada do Consello de Campus, e constitución da mesma, se proceder.

O Reitor expón a utilidade de que o Consello de Campus conte cunha comisión que avance en asuntos de trámite concretos.

A Vicerreitora indica que, ata o de agora, dita comisión convocábase para cuestións de urxencia (resolución de bolsas, valoracións...) e estaba composta por un PDI, un PAS e un representante de estudantes.

O profeso Álvaro López intervén para indicar que o Consello de Campus xa é un órgano colexiado consultivo e amosa a súa sorpresa por que se propoña unha “Comisión Permanente” xa que debe ser tida en conta a importancia da presencialidade e da transparencia da información. Ademais, a referida Comisión Permanente non está prevista no regulamento. Entende que pode ser operativa unha comisión, pero no se trataría dunha Comisión Permanente.

Proponse denominar a Comisión: “Comisión avaliadora de convocatoria dos Campus”. Para a súa composición propóñense:

- PDI – Silvia García
- PAS – Carlos Mollinedo
- Estudiante – Pablo Abelleira Acebedo

Apróbase a denominación e constitución da Comisión quedando pendente a aceptación da profesora Silvia García.

Cuarto. Rolda de intervencións.

O profesor Enrique Varela intervén para felicitar a constitución do Consello de Campus destacando a importancia do acto e dando as grazas ao equipo por asumir novos retos. Incide en que agarda que sexa un novo período mellor que o anterior.

O Reitor agradece as palabras e felicita aos membros do Consello de Campus polo traballo feito ata agora.

Lucrecia López intervén en nome de Carlos Mollinedo, ausente da sesión. Traslada dúas cuestións:

- ¿Como se xestiona o cargador eléctrico de coches do Campus? ¿Aliméntase do excedente das placas? ¿Non hai onde gastar eses excedentes que non sexa en cargar coches de alta gama?
- ¿Quen autorizou o pintado do andar baixo da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación? ¿Onde se decidiu? ¿É posible facer esa intervención?

O Reitor resposta as cuestións indicando que recollerá a información con respecto ás mesmas inda que matiza varios elementos:

- A enerxía subministrada no cargador de vehículos ten custo.
- Os cargadores de vehículos son unha iniciativa da Reitoría tentando adiantarse ao futuro.
- A colocación de máis puntos de recarga, a partir dos inicialmente postos, non se fará de xeito gratuíto, como xa se informou no Consello de Goberno.
- Manifesta o seu agrado polo resultado do pintado do andar baixo da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación e entende que non é unha actuación que precise de autorizacións, inda que o consultará.

A profesora Emma Torres-Romay, como Decana da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, informa sobre o pintado do andar baixo deste centro:

- A iniciativa foi do Decanato do centro, buscando mellorar a adaptación do espazo ás necesidades dos alumnos e mellorar a iluminación da zona.
- Informouse en varias Xuntas de Facultade.
- Contratouse unha deseñadora de espazos, especializada en centros universitarios, para deseñar a reforma.
- Estableceuse contacto coa Unidade Técnica e traballouse con ela para a posta en marcha da reforma (en varias fases).
- A administradora de Campus fixo o seguimento das contratacións.

O profesor Enrique Varela solicita que conste en acta a súa petición de que se estendan esas actuacións ao segundo andar do centro.

Remata a sesión ás 11.30 h.